

Informe para a subsanación dun erro na redacción do PPT do expediente 1000/2024

A data de 8 de agosto de 2024, publicouse na plataforma de contratos do sector público a documentación contractual para a contratación do subministro que a continuación detallamos:

- **Nº expediente:** 1000/2024
- **Denominación:** Subministro dun vehículo para o transporte do persoal do servizo de axuda no fogar.

O **Prego de Prescricións Técnicas** foi redactado pola empresa INTO GALICIA CONSULTING S.L. en colaboración co persoal do Concello e a encargo do órgano de contratación.

O artigo 109. Revogación de actos e rectificación de erros da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que "As Administracións Públicas poderán revogar, mentres non transcorra o prazo de prescrición, os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación non constitúa dispensa ou exención non permitida polas leis, nin sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico."

Neste sentido, atopamos unha errata na confección do Prego de Prescricións Técnicas (PPT). No apartado **4.3 "DIMENSIÓNS"** do PPT aparecen as seguintes medidas:

“ • Lonxitude: mínimo de 4.160 mm

• Altura (mm): mínimo de 1.550 mm

• Anchura(mm): Mínimo de 1.765 mm”

A intención do licitador e do redactor do prego era a de poñer estas medidas como límite MÁXIMO de tamaño de vehículo, en consonancia co resto do contrato. Polo tanto, a redacción nova, que substitúe á referida no parágrafo anterior, e a correcta a efectos de licitación sería a seguinte:

“• Lonxitude: máximo de 4.160 mm

• Altura (mm): máximo de 1.550 mm

• Anchura(mm): máximo de 1.765 mm”

En base ao anterior, propónse que se teña en conta a modificación proposta sen que dita modificación interrompa o prazo de presentación de ofertas, xa que se trata dunha modificación aclaratoria e non afecta os dereitos e deberes das partes ou de terceiros nin é contrario ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico.

Cabanas, a 14 de agosto de 2024



INTO CONSULTING S.L.

Juan Pablo Guerrero

